



## ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR

### CONVOCATORIA

En virtude da RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 29 de setembro de 2021) e en cumprimento do disposto no artigo 33 do Decreto 92/1998, de 28 de abril, segundo a nova redacción dada polo Decreto 324/1996, de 26 de xullo, (DOG do 9 de agosto), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS/AS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde **elixir** no presente proceso electoral a **UN** (1) pai/nai. O Consello Escolar do Centro ten TRES (3) representantes do sector pais/nais. Un representante de pais continúa como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018. O terceiro representante é proposto pola A.N.P.A.
- 2.- Son on electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no Censo correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 13:00 horas do día 12 de novembro.
- 3.- Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as 13:00 horas do día 12 de novembro.
- 4.-O sorteo dos membros da mesa electoral realizarase en acto público, entre os pais/nais que non se presenten como candidatos, o día 15 de novembro, ás 11:50 horas. Dita mesa electoral estará composta pola Directora do Centro, que actuará como Presidenta e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
- 5.- A campaña electoral comprenderá dende o 15 ao 20 de novembro, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo. O día 21 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
- 6.- Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
- 7.- As **votacións** realizaranse neste Centro Público Integrado o día (luns) **22 de novembro** distribuído nas seguintes quendas de 08:45 a 10:00 horas; de 13:00 a 14:00 horas; de 16:00 a 18:00 horas. A urna de votación quedará precintada e gardada en dirección entre quenda e quenda para garantir a pureza do sufraxio; no precinto asinarán os membros da mesa electoral e non se desprecintará ata que a mesa o autorice. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:30 horas.
- 8.- Na papeleta de votación cada elector fará constar **UN** nome dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
- 9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
- 11.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

En Fene, a 2 de novembro de 2021

A presidenta da Xunta Electoral

Asdo.: M<sup>a</sup> Isabel Hermida Rodríguez

